



Regulamento Xeral da Carreira Popular de A Merca 2013

Data celebración: 3 de Marzo de 2013

1. A saída da Carreira Absoluta darase no Pavillón Municipal ás 11.00 horas. A de menores terá saída as 10:15 horas. A carreira dos pitufos, farase entre o final da carreira de menores e o inicio da absoluta A liña de meta estará situada en mesmo lugar.
2. O percorrido será de 10.000 m para a absoluta, 3.000 m. para os menores e 150 m. para os cativos e discorrerá polas rutas sinaladas en planos adxuntos.
3. Ao longo do percorrido, estableceranse controis.
4. Admitiranse inscricións a través das páxinas web [www.amerca.es] ou [www.championchipnorte.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento da inscrición. A inscrición poderase realizar ata o 27 de Febreiro de 2013. Os pitufos e menores que non posúan DNI deberán inscribirse exclusivamente no enlace existente ao efecto na páxina web [www.amerca.es].
5. O prezo de inscrición será na carreira absoluta de 4,00 € para corredores que posúan chip e 5,00 € para corredores que teñan que alugar o chip. As inscricións nas carreiras de menores e pitufos e gratuíta para todos os corredores.
6. A recollida dos chips e números poderase realizar o domingo día 3 de Marzo de 8:00 a 10:45 horas na Cancha Central do Pavillón Municipal.
7. O chip entregado a cada participante deberá ser colocado nos cordóns das zapatillas antes de dar a saída, e deberá ser devolto tras a participación. Os corredores que non o leven ou que non o entreguen non entrarán nas clasificacións, non recibirán a camiseta nin ningún outro premio.
8. Establécense categorías para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas. As categorías corresponden aos nados nos anos indicados:

CATEGORIAS

CARREIRA DE CATIVOS (150 m)

- *Nenos ata o ano 2006.*

CARREIRA MENORES (3 Km.)

- *Benxamín (nados no ano 2004 e 2005)*
- *Alevín (nados non ano 2002 e 2003)*
- *Infantil (nados non ano 2000 e 2001)*
- *Cadete (nados non ano 1998 e 1999)*

CARREIRA ABSOLUTA (10 Km.)

- *Xuvenil (nados non ano 1996 e 1997)*
- *Júnior (nados non ano 1994 e 1995)*
- *Promesa (nados no ano 1991, 1992 e 1993)*
- *Sénior (nados no ano 1990 e anteriores ata veteranos)*
- *Veteranos/ás A (35 anos)*
- *Veteranos/ás B (40 anos)*
- *Veteranos/ás C (45 anos)*
- *Veteranos/ás D (50 anos)*
- *Veteranos/ás E (55 anos)*
- *Veteranos/ás F (60 anos)*
- *Veteranos/ás G (65 anos e posteriores)*

9. Premios: Trofeos para os primeiros/ás clasificados/ás de cada categoría; camisetas para todos os participantes que crucen a liña de meta co control aberto e que entreguen o chip;
10. A entrega de trofeos terá lugar ao remate da proba absoluta na cancha do Pavillón Municipal.
11. Para poder recoller os premios deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas, por medio do DNI os españois ou documento legal en vigor (pasaporte) os estranxeiros.
12. Os participantes deberán situarse por detrás da liña de saída 15 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento, ás indicacións da organización.
13. Está prohibido o acompañamento dos participantes por vehículos de axuda.
14. O percorrido estará sinalizado.
15. A carreira estará controlada por persoal do Concello.
16. Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar número ou manipulalo e falsificar datos persoais.
17. Non se admiten reclamacións.
18. O feito de participar nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa utilización.

Información da proba:

- Telf: 988 260 000
- www.amerca.es
- www.championchipnorte.com